


O 112 EN GALICIA

O 112 é un número de emerxencias que funciona en toda Europa, pero en cada lugar é xestionado por un equipo de persoas que se encargan de contestar as chamadas e enviar os medios que require cada emerxencia. En Galicia, hai dúas entidades que desenvolven este importante labor. Imos coñecelas!



AXEGA

A Axencia Galega de Emerxencias (AXEGA) foi creada no ano 2007 por unha lei (Lei 5/2007 do 7 de maio de Emerxencias de Galicia) para estudar e xestionar todo o relacionado coa protección civil e as emerxencias na nosa comunidade autónoma. Por tanto é o organismo que xestiona os medios para atender as emerxencias, entre eles o Centro de Atención de Emerxencias 112 Galicia (CIAE 112).



CIAE 112

O Centro Integrado de Atención ás Emerxencias en Galicia é un gran edificio desde onde se xestionan todas as emerxencias. É o lugar onde se reciben todas as chamadas que facemos ao 112 e se coordinan os medios de emerxencia necesarios para cada situación.


Está situado no concello da Estrada xunto ás instalacións da Academia Galega de Seguridade Pública, formando parte dun gran centro integral que permite optimizar os recursos e mellorar a coordinación dos mesmos. Ademais permite integrar os distintos servizos de emerxencia e adaptarse a situacións futuras e mesmo imprevistas, de forma que sirva de centro de traballo en calquera catástrofe, emerxencia ou escenario que requira dunha xestión operativa pública eficaz, eficiente e de calidade.



XESTIÓN DE CHAMADAS:

O CIAE 112 funciona as 24 horas do día todos os días do ano. O persoal que traballa alí recibe as chamadas telefónicas nunha gran sala dotada dunha plataforma tecnolóxica que permite actuar rapidamente, mesmo en situacións moi complicadas.


Galicia, pola súa situación xeográfica, clima e orografía, é un territorio moi complexo para a xestión de emerxencias polo que se require de medios tecnolóxicos avanzados e persoal moi experimentado para poder dar a mellor solución a cada problema.



XESTIÓN DE EMERXENCIAS:

Unha vez se ten coñecemento dunha emerxencia en Galicia, desde o CIAE 112 póñense en marcha para solucionala canto antes. Para actuar de forma coordinada e garantir unha boa asistencia o persoal que atende as emerxencias conta con:

1. Guías de actuación para diversas emerxencias que vai adaptando e actualizando
2. Colaboración cos diferentes organismos que actúan en caso de emerxencias como:
 - Protección civil.
 - Protección medioambiental.
 - Policía local, autonómica, nacional.
 - Salvamento marítimo.
 - Bombeiros.
 - Urgencias médicas.
 - Etc.



OUTRAS FUNCIÓNS:

Ademais de atender as chamadas de emerxencia, a AXEGA realiza moitas outras tarefas de **organización e prevención** como:

- Xestionar todos os medios e recursos operativos que se precisan para mellorar o servizo.
- Analizar riscos e perigos para poder evitalos ou saber actuar rapidamente en caso de que se produza un problema.
- Avisar de riscos reais e de posibles catástrofes e pór a disposición das autoridades e da poboación os medios para facerlles fronte.
- Estudar as actuacións necesarias para restablecer os servizos esenciais e a normalidade en caso de catástrofe ou calamidade.
- Fomentar a participación da cidadanía nas actividades de protección civil.



IMPORTANTE

O obxectivo, tanto da AXEGA como do CIAE 112 Galicia, é garantir unha **correcta xestión e atención de todas as emerxencias** recibidas na Comunidade Autónoma de Galicia.